

**ACTA XUNTA DIRECTIVA
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "AVINZA GDR 15"
DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2010**

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTA 3ª

Da. Yolanda Quintas Salgado.

VICEPRESIDENTE 4º

D. Javier Bretaña Cid

SECRETARIO

D. Francisco Xabier Oviedo Rodríguez

VICESECRETARIA

Da. Vanessa García Rodríguez

TESOUREIRO

D José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

Da. María Teresa Barge Bello

D. Benigno Carballo Bouzas en

representación de D. Eladio Mangana
Novoa

D. Xaquín Rodríguez Ambrosio

D. Antón Cao, Técnico de Emprego en

representación de Xoan Xosé Jardón
Pedras

D. José Luis Gavilanes Losada

D. Francisco José Gómez

D. Manuel García González

D. David Vila Cid

Da. Esther Losada en representación de

Da. Camila Seijas Domínguez

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 18:30 horas do día 2 de febreiro de 2010, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. PRESIDENTE, Francisco García Suárez, constituídos *en Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión extraordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan coma orde do día.

-----ORDE DO DIA-----

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Convocar Asemblea xeral para febreiro e acordar a orde do día.
3. Aprobación da adhesión de AVINZA-GDR15 á Asociación de Grupos de Desenvolvemento rural de Galicia.
4. Aprobación do ICE- L09-43100-15-B001 correspondente á campaña de promoción e divulgación do programa LEADER da anualidade 2009.
5. Aprobación, se procede, da campaña de divulgación e promoción de 2010.
6. Información sobre os cursos que se impartirán dentro do proxecto de cooperación *Ambiempléate* e os avances relativos ao curso *Atención sociosanitaria a persoas no domicilio*
7. Outros temas de interese.

Esta notificación acompañouse da seguinte documentación:

1. Copia dos estatutos da Asociación de Grupos de desenvolvemento Rural
2. Programa da campaña de divulgación para a anualidade 2010
3. Proposta de data e orde do día para a Asemblea Xeral Ordinaria



Comeza a xuntanza ás 18:45

1. A probación da acta da sesión anterior.

Comeza a Xuntanza coa aprobación da acta anterior.

2. Convocatoria de Asemblea xeral para o 19 de febreiro.

Xunto coa convocatoria desta xunta remítíase aos socios unha proposta de data e de orde do día para a Asemblea Xeral anual. Unha vez exposta e, non habendo ningunha outra proposta, queda aprobada a data de convocatoria de Asemblea Xeral da Asociación Avinza para o 19 de febreiro do 2010.

3. Aprobación da adhesión de AVINZA-GDR15 á Asociación de Grupos de Desenvolvemento rural de Galicia.

Queda aprobada por unanimidade a adhesión á Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia. Queda elixido como representante ante a citada asociación Francisco García Suárez.

4. Aprobación do ICE- L09-43100-15-B001 correspondente á campaña de promoción e divulgación do programa LEADER da anualidade 2009.

Aprobación, por unanimidade, do ICE L09-43100-15-B001 correspondente a anualidade do 2009.

5. Aprobación da campaña de divulgación e promoción de 2010.

A xerente da asociación fai un resumo da campaña de promoción e divulgación presentada para 2010. A primeira parte consiste en xuntanzas por mesas sectoriais e unha segunda parte estará dirixida a toda a poboación. Esta segunda parte estrutúrase en tres bloques: NENOS E NENAS E AS SÚAS FAMILIAS, MOZOS E MOZAS DO TERRITORIO E DÍA INTERNACIONAL DA MULLER RURAL. Os gastos estimados da campaña son de 6.000,00 €.

Intervén José Luis Gavilanes Losada para propoñer a realización de actividades de promoción relacionadas co ano XACOBEO 2010. Acórdase incluír algunha actividade relacionada cos camiños que pasan polo territorio: valorización, divulgación e posta en valor. Queda pendente perfilar a proposta e buscar cofinanciamento do Xacobeo 2010.

6. Información sobre os cursos que se impartirán dentro do proxecto de cooperación Ambiepléate e os avances relativos ao curso Atención sociosanitaria a persoas no domicilio.

A xerente da asociación presenta os cursos propostos para o proxecto de cooperación Ambiepléate:

- Aproveitamento dos froitos do bosque.
- Subproductos da madeira.
- Turismo.

Intervén o representante de Labregos Daiquí Manuel García González sinalando que podería ser interesante dirixir un curso á agricultura ecolóxica.

A xerente sinala que o proxecto Ambiepléate está bastante limitado e non houbo lugar para contemplar a agricultura ecolóxica. Queda recollida a proposta e pendente de análise na mesa sectorial que lle corresponde profundizando na necesidade da implantación de Certificacións Ecolóxicas.

A continuación infórmase do estado das xestións sobre o curso de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio.

- Envío de cartas a Deputación provincial solicitando formación continua para os traballadores.
- Primeiras xestións para solicitude de curso do plan FIP no territorio.

8. Outros temas de interese.

Sen outros temas que tratar remata a xunta as 18,45h, quedando emplazados os membros da Xunta Directiva para a Asamblea Xeral do día 19 de febreiro.

O PRESIDENTE
Don Francisco García Suárez

O SECRETARIO
Don Francisco Xabier Oviedo Rodríguez

